

Cadroume estar un día de agosto no Courel cando os emigrantes galegos ían pasar as vacacións. Oíase falar con acento catalán, orgullosos eles. Anos despois experimentei que na Universidade de Barcelona había máis alumnos de galego ca en Compostela; moitos obreiros e mesmo xubilados. Pero en Salamanca eu escoitara insultos coma este: “Gallego tú si no lo haces”, covarde. Aínda hoxe hai quen quere tirarlle partido ao feito de que en varias cidades coma Toledo ou Lisboa aparecían galegos no portal de Belén, ignorando que estes personaxes representaban o ínfimo elo social da cadea humana.

Non era soamente o tópico dos que ían á sega a Castela en condicións infrahumanas. A cousa viña dos Reis Católicos coa “doma” de Galicia (e castración, engade a tradición). A Galicia seguíaselle chamando Reino pero en realidade era provincia e durante anos (1476-1622) prohibíase a súa presenza nas Cortes, representándonos Zamora.

A nobreza estaba desgaleguizada e, dada a importancia que tiña a Igrexa, era decisiva a elección de bispos. Pois ben, en 300 anos (1530-1830) houbo só 15 bispos galegos: 5 en Compostela, 5 en Ourense, 2 en Lugo, 2 en Mondoñedo e 1 en Tui.

A partir de 1950 dáse un cambio de estruturas territoriais: mingua o mundo rural e medra en exceso o urbano. Galicia recibira a industria e o comercio de cataláns, vascos, cameranos e maragatos. Hoxe somos moitos os galegos e galegas que respondemos ao orgullo prepotente do Estado centralista coa autoestima, unha actitude que tamén debemos aplicar á lingua. O municipio e a provincia deben deixar paso á parroquia e á comarca. Queda moito que andar, pero imos polo bo camiño.

Xosé Chao Rego
Teólogo

DO GALEGO